



MEMORIA DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA

Convenio CMATV 2022



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA




Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

ÍNDICE

Actividade I: Formación	2-18
<i>Destinatarios</i>	4-5
<i>Duración</i>	5
<i>Contidos</i>	5-7
<i>Relatores/as</i>	8-9
<i>Proba de avaliación</i>	10-11
<i>Material</i>	12
<i>Difusión dos cursos</i>	12-16
<i>Enquisa de satisfacción</i>	16-18
Actividade II: Divulgación	19
Xustificación económica do convenio	20-21
Anexo I: Actas de matrícula e avaliación	22-32
<i>Formación de Responsables de Sociedades</i>	22-26
<i>Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza</i>	22-26
<i>Prevenção da Sinistralidade e Seguridade na Práctica Cinexética</i>	27-32
<i>Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios</i>	27-32

ACTIVIDADE I: CURSOS DE FORMACIÓN

O campus virtual da *Escola de Caza* acollía no mes de outubro unha nova convocatoria dos cursos de **FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA E DE PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA**.



A **formación de responsables de sociedades de caza**, abordaba o **curso de xestión interna e administrativa** destas entidades co obxectivo de preparar ás persoas directivas na xestión á que deben facer fronte no seu día a día.

Impartíanse 17 temas sobre lexislación, responsabilidade das persoas socias, directivas e da sociedade, seguros de responsabilidade civil, réxime documental e libros obrigatorios, obrigas contables, económicas e tributarias, así como sobre as comunicacións internas e externas da asociación e as súas obrigas en materia de protección de datos.

A formación sobre **prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética**, abordaba o **curso de seguridade na caza e primeiros auxilios**, coa finalidade de formar ás persoas responsables de cazaría e cazadoras en xeral na prevención e seguridade durante a práctica da caza así como instruílas nos primeiros auxilios para que, de darse o caso, poidan auxiliar a un compañeiro/a ou a persoa enferma ou lesionada.

O curso constaba de 18 temas sobre a organización das cazarías colectivas, armas, lexislación, seguros de responsabilidade civil, obrigas das persoas propietarias de cans, manipulación e seguridade no consumo de carne de caza, prevención de enfermidades, xestión dos residuos da caza, uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade, a imaxe da persoa cazadora e os primeiros auxilios, como actuar ante o accidente dun can ou dunha persoa ou ante outro tipo de incidentes e enfermidades comúns, así como **sobre a seguridade no desenvolvemento das cazarías colectivas, que era obxectivo principal deste curso pola preocupación que xera na FGC a práctica dunha caza segura.**

Nesta nova convocatoria, que vai pola 5ª edición online en formación de responsables de sociedades e pola 3ª online en prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética, **matriculáronse 292 persoas**, 137 no curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza e 155 no de seguridade na caza e primeiros auxilios (2 alumnos eran residentes de fóra de Galicia, un de León e outro de Asturias pero ámbolos-dous socios de sociedades de cazadores de Galicia). **O 12% das persoas inscritas non eran federadas.**

	CURSO DE XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA	CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS
CORUÑA	45	51
LUGO	41	42
OURENSE	27	34
PONTEVEDRA	23	27
OUTRAS	1	1
	137	155

Das persoas que participaron na formación o 8,22% eran mulleres e o 91,78% homes.

	CURSO DE XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA	CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS
Homes	126	142
Mulleres	11	13
	137	155

Dos datos aportados no boletín de matrícula, **9 de cada 10 persoas anotadas nos cursos de formación eran socias dalgunha sociedade de caza e a idade media das persoas participantes estaba comprendida entre os 41 e os 65 anos**, preto de 5 de cada 10 estaba neste tramo de idade.

	CURSO DE XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA	CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS
Ata 30 anos	20	22
De 31 a 40 anos	32	32
De 41 a 50 anos	33	40
De 51 a 65 anos	32	37
Máis de 65 anos	8	8
Non aportan datos	12	16
	137	155

Os cursos estaban dispoñibles na aula virtual da *Escola de Caza* desde o día 3 ata o 28 de outubro, durante cuxo período as persoas inscritas podía conectarse á formación nas datas e horarios que máis se acomodasen ás súas necesidades.

Entre os días 24 e 28 de outubro realizábase a proba de avaliación final para determinar os coñecementos adquiridos, podendo elixir as persoas anotadas nos cursos o día e horario para a súa realización. Esta proba era optativa, **debendo responder correctamente ao 60% das preguntas para resultar APTO e así obter o correspondente Diploma.**

Realizaron o exame o 71% dos alumnos/as matriculados, 207 de 292.

Durante a última semana do curso pasóuselle ao alumnado unha enquisa para que **responderan de xeito voluntario e anónimo a unha serie de preguntas co obxecto de coñecer o seu grao de satisfacción sobre a formación impartida.**

Responderon a enquisa o 37% das persoas matriculadas, delas 9 de cada 10 manifestaban ter acadados os obxectivos agardados.

DESTINATARIOS

1. FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:

Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.

O curso ía **dirixido principalmente a responsables e directivos das sociedades de caza, persoal administrativo e xestores cinexéticos**, pero tamén a aquelas outras persoas interesadas en formarse na xestión interna, administrativa e documental deste tipo de entidades.

De feito, o perfil das persoas que participaron no curso foi, por esta orde:

- Cazadores/as
- Directivos/as de sociedades de caza
- Responsables de cazaría
- Persoal administrativo
- Xestores cinexéticos
- Estudantes
- Gardas

2. PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.

Esta formación estaba **destinada principalmente a responsables de cazaría e cazadores de caza maior**, pero tamén a outros colectivos interesados en formarse en materia de seguridade e primeiros auxilios (cazadores/as en xeral, gardería, técnicos cinexéticos, veterinarios, profesionais da ensinanza, etc.)

O perfil das persoas participantes foi, por esta orde:

- Cazadores/as
- Directivos/as de sociedades de caza
- Responsables de cazaría
- Persoal administrativo
- Xestores cinexéticos
- Estudantes
- Gardas
- Outros

DURACIÓN

Os **cursos estaban dispoñibles na aula virtual da Escola de Caza desde o día 3 ata o 28 de outubro**, durante cuxo período as persoas inscritas podía conectarse á formación nas datas e horarios que máis se acomodasen ás súas necesidades, durante as 24 horas do día.

Entre os días **24 e 28 de outubro era o prazo de realización da proba de avaliación final (optativa)** para determinar os coñecementos adquiridos, podendo elixir o alumnado día e hora para a súa realización.

CONTIDOS

1. FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:

Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.

A formación da *xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza* constaba de 17 temas divididos en 4 bloques, e un vídeo sobre seguridade nas cazarías. Como novidade, nesta edición, engadíanse **dous novos temas sobre o certificado dixital e as obrigas de protección de datos das sociedades de caza.**

Bloque 1: LEXISLACIÓN.

Tema 1: A Lei do Deporte de Galicia.

Tema 2: Os Socios/as: admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.

Tema 3: Os órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos.

Tema 4: O proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral e candidaturas.

Tema 5: O Regulamento de Réxime Interno da asociación.

Tema 6: A responsabilidade dos/as socios/as, directivos/as, e da sociedade de caza.

Tema 7: A responsabilidade civil da sociedade de caza nos danos a cultivos.

Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil: a responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade de caza.

Bloque 2: O RÉXIME DOCUMENTAL.

Tema 9: Os libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: libro de rexistro de socios/as, libro de actas, libros de contabilidade e o traspaso de poderes entre a xunta directiva saínte e entrante.

Bloque 3: O RÉXIME ECONÓMICO, FINANCEIRO, PATRIMONIAL E FISCAL.

Tema 10: As contas anuais: patrimonio, dereitos e obrigas. Os ingresos e gastos, o orzamento e os requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.

Tema 11: A responsabilidade do tesoureiro/a: disposición de fondos, facturas e forma de pago.

Tema 12: As obrigas tributarias: CIF, Exención de IVE, Imposto de Sociedades.

Bloque 4: AS COMUNICACIÓNS INTERNAS E EXTERNAS DA ASOCIACIÓN.

Tema 13: As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC.

Tema 14: O plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores/as. Outras comunicacións.

Tema 15: As comunicacións coa Consellería competente en materia de caza: A aplicación informática de caza: suposto práctico.

Tema 16: O certificado dixital *(NOVO)*.

Tema 17: As obrigas de protección de datos da sociedade de caza *(NOVO)*.

VÍDEO: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS.

2. PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.

A formación *de seguridade na caza e primeiros auxilios* constaba de 18 temas divididos en 6 bloques así como un vídeo sobre seguridade nas cazarías colectivas. Respecto á edición anterior, este ano **incorporouse como novidade un tema sobre armas e outro sobre a xestión dos residuos que xera a caza.**

Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS.

Tema 1: Fase de inicio e preparación da cazaría.

Tema 2: Fase de execución da cazaría.

Tema 3: Finalización da cazaría.

Tema 4: Normas de seguridade na caza.

Tema 5: Decálogo do cazador/a. O cazador/a novel.

Tema 6: As armas: O seu uso, transporte, custodia e revista *(NOVO)*.

VÍDEO: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS.

Bloque 2: LEXISLACIÓN.

Tema 7: As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías.

Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil: A responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade de caza.

Tema 9: O Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC): As obrigas dos propietarios de cans.

Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA.

Tema 10: Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza: nocións xerais.

Tema 11: Prevención de enfermidades: peste porcina africana (PPA) e triquinose.

Bloque 4: XESTIÓN DOS RESIDUOS DA CAZA.

Tema 12: Xestión dos restos non comestibles (SANDACH) xerados na actividade cinexética *(NOVO)*.

Bloque 5: A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA.

Tema 13: O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.

Tema 14: A imaxe do/a cazador/a e as redes sociais.

Bloque 6: PRIMEIROS AUXILIOS.

Tema 15: Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras.

Tema 16: Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns.

Tema 17: Actuación ante o accidente do can.

Tema 18: O botiquín de primeiros auxilios do cazador/a.



RELATORES/AS

1. FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:

Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.

Participaron na elaboración e actualización dos 17 temas que compoñían o curso de *xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza* **6 persoas expertas nas diferentes materias que foron as encargados de elaborar os relatorios que se impartiron**, baixo a dirección de José Andrés Freire Ares (director dos cursos) e en coordinación coa FGC que se ocupaba do seu deseño e estrutura.

RELATOR/A	CARGO	MATERIA
M ^a Teresa González Justo	Avogada. Asesora xurídica da FGC.	Bloque 1 - Lexislación (parte Xurídica)
Diego Quintas Ramos	Enxeñeiro Técnico Agrícola. Cazador. Membro fundador das Xuventudes.	Bloque 1 - Lexislación (parte Técnica danos cultivos)
Javier Nogueira Diz	Conselleiro de Mutuasport. Cazador. Empresario. Presidente da FGC.	Bloque 1 - Lexislación (Seguros de responsabilidade civil)
Mariluz Rey Coteló	Técnico Sup. Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC.	Bloque 2 - Réxime documental Bloque 3 - Réxime económico, financeiro e fiscal Bloque 4 - As comunicación internas e externas (Rexistro de Entidades Deportivas)
Dario Andrade Expósito	Técnico de Caza da CMATV. Cazador	Bloque 4 - As comunicacións internas e externas (POC, PAAC, comunicacións cazarías e outras) Bloque 4 - As comunicacións internas e externas (Comunicacións coa Consellería en materia de caza)
Juan Turnes García	Técnico Sup. en Administración de Sistemas Informáticos. Responsable de Informática e Protección de Datos da FGC.	Bloque 4 - As comunicacións internas e externas (Certificado dixital) Bloque 4 - As comunicacións internas e externas (Obrigas de protección de datos)
JOSÉ ANDRÉS FREIRE ARES		DIRECCIÓN DO CURSO

2. PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.


O curso de *seguridade na caza e primeiros auxilios* constaba de 18 temas confeccionados e actualizados por **11 relatores/as expertos nas diferentes materias**, baixo a coordinación da FGC e a dirección de José Andrés Freire Ares, director dos cursos.

RELATOR/A	CARGO	MATERIA
Dario Andrade Expósito	Técnico de Caza da CMATV. Cazador.	Bloque 1 - Seguridade nas cazarías colectivas (Organización e seguridade nas cazarás)
Diego Pallas Lage	Técnico Sup. de Xestión Forestal e Conservación do Medio Natural. Cazador. Representante Xuventudes.	Bloque 1 - Seguridade nas cazarías colectivas (Decálogo de seguridade)
Luis Villamil Hermida	Sarxento 1º da Garda Civil da Comandancia de Pontevedra. Experto en armas.	Bloque 1 - Seguridade nas cazarías colectivas (Armas)
Mª Teresa González Justo	Avogada. Asesora Xurídica da FGC.	Bloque 2 - Lexislación (Infraccións e sancións)
Javier Nogueira Diz	Conselleiro de Mutuasport. Cazador. Empresario. Presidente da FGC.	Bloque 2 - Lexislación (Seguros de responsabilidade civil)
Borja Táboas Rial	Veterinario. Cazador. Asesor de benestar animal da FGC.	Bloque 2 - Lexislación (Rexistro Galego de animais de compañía)
Luis Eusebio Fidalgo Álvarez	Doutor en veterinaria. Profesor da USC. Cazador.	Bloque 3 - Manipulación no consumo de carne (Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e prevención de enfermidades) Bloque 4 - Xestión dos residuos da caza Bloque 6 - Primeiros auxilios (Actuación ante o accidente do can e o botiquín de primeiros auxilios)
José Manuel Vidal Lamela	Funcionario. Cazador. Secretario Xeral da FGC Lugo.	Bloque 5 - Contribución das novas tecnoloxías (Uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade)
Antón Arrojo Reguera	Biólogo. Cazador. Director de Galicia Cinexética.	
Carlos Sánchez Pontón	Xornalista.	Bloque 5 - Contribución das novas tecnoloxías
Silvia Díaz Fernández	Médico do SERGAS. Cazadora.	Bloque 6 - Primeiros Auxilios (Actuación ante un accidente de caza e outro tipo de accidentes ou enfermidades, o botiquín de primeiros auxilios)
JOSÉ ANDRÉS FREIRE ARES		DIRECCIÓN DO CURSO

PROBA DE AVALIACIÓN

As persoas matriculadas na formación **podían optar por realizar ou non o cuestionario de avaliación final** para valorar os coñecementos que adquiriron.

O cuestionario de avaliación consistía en 50 preguntas tipo test sobre o temario impartido en cadaún dos cursos. Para resultar APTO/A, e así obter o correspondente Diploma, os alumnos debían responder correctamente alomenos ao 60% das preguntas en 45 minutos.



The screenshot shows a web interface for an online evaluation test. The title is 'Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza 2022'. The breadcrumb trail is: 'Taboleiro / Cursos / Sociedades / Curso Sociedades 2022 / EXAME / CUESTIONARIO FINAL DE AVALIACIÓN / Vista previa'. A timer shows 'Tempo restante 0:44:50'. The test consists of 50 questions. The first three questions are visible:

Pregunta 1
Ainda non respondido
Puntuado sobre 1,00
1. Marcar a pregunta
Editar a pregunta

¿A asemblea xeral dunha sociedade de caza estará integrada por?

- ☐ a. Todos os socios de número con dereito a voto.
- ☐ b. Todos os socios maiores de 18 anos.
- ☐ c. Polos socios maiores de 18 anos e polos socios invitados.

Pregunta 2
Ainda non respondido
Puntuado sobre 1,00
1. Marcar a pregunta
Editar a pregunta

¿Nos estatutos dunha sociedade de caza deben constar?

- ☐ a. Os requisitos para a admisión de socios.
- ☐ b. O nome dos membros da Xunta Directiva.
- ☐ c. As dúas respostas anteriores son correctas.

Pregunta 3
Ainda non respondido
Puntuado sobre 1,00
1. Marcar a pregunta
Editar a pregunta

¿Os conflitos internos que xurdan entre os socios e a Sociedade deben resolverse?

- ☐ a. Pola propia Sociedade.
- ☐ b. Polos Tribunais ordinarios.
- ☐ c. Pola Federación Galega de Caza ou pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

On the right, there is a 'Navegación da proba' section with a grid of question numbers (1-50) and buttons for 'Finalizar intento...' and 'Comezar unha nova vista previa'.

Das 292 persoas inscritas nos cursos realizaron a proba de avaliación final o 71% (207 persoas), resultando APTOS/AS o 95% das persoas que se someteron ao exame.

CURSO	Alumnos/as matriculados/as	Alumnos/as presentados/as á avaliación	% matriculados/as presentados/as á avaliación final	Alumnos/as APTOS/AS	Puntuación media
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.	137	95	69%	85	43,07
Seguridade na caza e primeiros auxilios.	155	112	72%	112	46,81
	292	207	71%	197	

Actas de matrícula e avaliación.

Como **Anexo 1** achégase coa presente memoria a acta de matrícula e avaliación de cadaún dos cursos, nos que constan todas as persoas matriculadas, tanto aquelas presentadas á proba de avaliación final como aquelas outras que non se someteron á mesma.

As referidas actas conteñen **datos persoais e polo tanto suxeitos á vixente normativa de protección de datos**, polo que dita información ten como única finalidade a xustificación dos cursos aos que se fai referencia no convenio de colaboración asinado entre a FGC e CMATV, non podendo ser utilizada ningunha información contida nas referidas actas para outra finalidade distinta, debendo adoptarse as medidas necesarias para garantir a súa confidencialidade, sendo responsable o destinatario da información fronte á FGC dos danos e prexuízos causados que se puideran derivar de reclamacións de terceiros ou da AEPD, sempre e cando sexan consecuencia do incumprimento das anteriores obrigas.

Diploma acreditativo de ter superado o curso.

Como xa se dixo, aquelas persoas que resultaban APTAS na avaliación final recibirán o correspondente Diploma acreditativo de ter superado o curso, con expresión dos seus contidos e horas lectivas (30 horas).

Modelo Diploma do curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.

    CERTIFICADO DE FORMACIÓN D. DNI Resultou APTO/A no Curso de Xestión Interna e Administrativa dunha Sociedade de Caza, de 30 horas lectivas de duración, impartido no campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza, entre os días 3 e 28 de outubro de 2022. Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2022 A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, O Presidente da Comisión Xestora da Federación Galega de Caza, ESCOLA DE CAZA Asdo.: Angeles Vázquez Mejuto Asdo.: Javier Nogueira Diz	FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA CURSO DE XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA DATA: do 3 ao 28 de outubro de 2022 LUGAR: campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza DURACIÓN: 30 horas lectivas ÁREA FORMATIVA: Tema 1: Lei do Deporte de Galicia. Tema 2: Socio/as: admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión. Tema 3: Os órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos. Tema 4: O proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral, e candidaturas. Tema 5: O Regulamento de Réxime interno da asociación. Tema 6: A responsabilidade dos/as socio/as, directivos/as, e da sociedade de caza. Tema 7: A responsabilidade civil da sociedade de caza nos danos a cultivos. Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil: a responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade de caza. Tema 9: Os libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: libro de rexistro de socio/as, libro de actas, libros de contabilidade e o traspaso de poderes entre a xunta directiva saínte e entrante. Tema 10: As contas anuais: patrimonio, dereitos e obrigas. Os ingresos e gastos, o orzamento e os requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade. Tema 11: A responsabilidade do tesoureiro/a: disposición de fondos, facturas e forma de pago. Tema 12: As obrigas tributarias: CIF, Exención de IVE, Imposto de Sociedades. Tema 13: As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC. Tema 14: O plan de ordenación cinexética, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazaría, comunicación de resultados e relación de cazadores/as. Outras comunicacións. Tema 15: As comunicacións coa Consellería competente en materia de caza: A aplicación informática de caza: suposto práctico. Tema 16: O certificado digital. Tema 17: As obrigas de protección de datos da sociedade de caza.
---	--

Modelo Diploma do curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios:

    CERTIFICADO DE FORMACIÓN D. DNI Resultou APTO/A no Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios, de 30 horas lectivas de duración, impartido no campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza, entre os días 3 e 28 de outubro de 2022. Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2022 A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, O Presidente da Comisión Xestora da Federación Galega de Caza, ESCOLA DE CAZA Asdo.: Angeles Vázquez Mejuto Asdo.: Javier Nogueira Diz	PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA DA CAZA CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS DATA: do 3 ao 28 de outubro de 2022 LUGAR: campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza DURACIÓN: 30 horas lectivas ÁREA FORMATIVA: Tema 1: Fase de inicio e preparación da cazaría. Tema 2: Fase de execución da cazaría. Tema 3: Finalización da cazaría. Tema 4: Normas de seguridade na caza. Tema 5: Decálogo do cazador/a. O cazador/a novel. Tema 6: As armas: O seu uso, transporte, custodia e revista. Tema 7: As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazaría. Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil: A responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade de caza. Tema 9: O Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (RIGAC): As obrigas dos propietarios de cans (altas, baixas e modificacións). Tema 10: Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza: nocións xerais. Tema 11: Prevención de enfermidades: peste porcina africana (PPA) e triquinose. Tema 12: Xestión dos restos non comestíbeis (SANDACH) xerados na actividade cinexética. Tema 13: O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade. Tema 14: A imaxe do/a cazador/a e as redes sociais. Tema 15: Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras. Tema 16: Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns. Tema 17: Actuación ante o accidente do can. Tema 18: O botiquín de primeiros auxilios do cazador/a.
--	---

MATERIAL

As persoas inscritas nos cursos recibirán, entroutro, o seguinte material:

- Bolígrafos.
- Gorras laranxa de visibilidade.
- Dípticos do decálogo do cazador.
- Dípticos de seguridade nas cazaría.
- Libro de seguridade na caza.
- Carterillas portadocumentos.



DIFUSIÓN DOS CURSOS

A finais do mes de agosto poñíase en marcha a organización dos cursos, remitíase o programa á Consellería CMATV para o seu visto e prace, e seguidamente difundíase entre as sociedades de caza e persoas cazadoras, por email, whatsapp, redes sociais, páxina web, revista *Galicia Cinexética*, medios de comunicación xeralistas e páxinas web especializadas, co obxecto de chegar ao maior número de posibles persoas interesadas.

A continuación, a modo de exemplo reproducense algúns pantallazos da información publicada.





Federación Galega de Caza
www.federaciongalegacaza.com

ESCOLA DE CAZA

A Federación Galega de Caza convoca unha nova edición dos cursos de caza online

23/08/2022



**Cursos online 2022
ESCOLA DE CAZA**

A Federación Galega de Caza (FGC) pon en marcha a campaña de divulgación e fomento da actividade cinexética en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) na que, entre outras accións, vén de convocar os cursos de formación de responsables de sociedades de caza e de prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética, que se impartirán a través da aula virtual da Escola de Caza da FGC.

A matrícula que é aberta e gratuíta, formalízase enviando a escola@federaciongalegacaza.com o boletín de matrícula dispoñible na web escoladecaza.gal ou en calquera das sedes da FGC. O prazo de matrícula remata o 23 de setembro.

Os cursos estarán dispoñibles no campus virtual da FGC desde o día 3 ata o día 28 de outubro (a proba de avaliación poderá realizarse entre o 24 e o 28 de outubro). Durante este período os alumnos poderán conectarse á formación nas datas e horarios que máis se adapten ás súas necesidades.

A formación de responsables de sociedades de caza abordará a xestión interna e administrativa á que teñen que facer fronte no seu día a día os directivos destas asociacións a través de 17 temas que capacitarán ao alumno na lexislación, réxime documental, réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal e na comunicación interna e externa da asociación. Como novidade nesta nova edición incorpóranse dous novos temas, un sobre o certificado dixital e outro sobre a protección de datos de carácter persoal á que están obrigadas as sociedades de caza.

O curso de prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética ten por obxecto formar aos responsables de caza e aos cazadores en xeral na prevención e seguridade durante a práctica da caza, así como instruílos nos primeiros auxilios para que, de darse o caso, poidan auxiliar a un compañeiro ou a outro cazador enfermo ou lesionado. O curso abordará 17 temas, nos que se formarán aos alumnos na lexislación cinexética, na manipulación e consumo de carne de caza de xeito seguro, no uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade na caza, nos primeiros auxilios, e principalmente na seguridade no desenvolvemento das cazaría colectivas, desde o seu inicio ata a súa finalización, que é obxectivo principal do curso pola preocupación que xera na FGC, precisamente, a seguridade dos cazadores galegos.

Federación Galega de Caza
Publicado por
- 6 de setembro a las 12:53

¡IMPORTANTE!
Incorporamos un novo tema aos Cursos de Formación da FGC
Xestión dos residuos da caza: xestión dos restos non comestibles xerados na actividade cinexética
Máis info en www.federaciongalegadecaza.com apartado Escola de Caza
Inscríbete !!

VENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA
Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios
TEMARIO

- 1. SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS.**
Fase de inicio e preparación da caza.
Fase de execución da caza.
Fase de finalización da caza.
Fase de limpeza da caza.
Fase de conservación da caza.
Fase de transporte da caza.
Fase de almacenamento da caza.
Fase de comercialización da caza.
- 2. LEGISLACIÓN.**
De infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazas.
De seguros de responsabilidade civil. A responsabilidade civil do cazador e da sociedade.
O Rexistro Galego de Identificación de Armas de Competencia (REGAC). As obrigas do cazador.
De caza (leis, bases e modificacións).
- 3. MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA.**
Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza: modelos xerais.
Prevenção de enfermidades: peste porcina africana (PPA) e brucelose.
- 4. XESTIÓN DOS RESIDUOS DA CAZA.**
Xestión dos restos non comestibles (LAWACIN) xerados na actividade cinexética.
O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.
A imaxe da caza e a súa evolución social.
- 5. A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE.**
O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.
A imaxe da caza e a súa evolución social.
- 6. PRIMEIROS AUXILIOS.**
Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxacións, fracturas óseas e outras.
Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns.
Actuación ante a acción do calor.
O botiquín de primeiros auxilios do cazador.

DIARIO DE AVALIACIÓN.
Os alumnos deberán responder a un cuestionario tipo test de 50 preguntas, considerándose aprobados correctamente aqueles que superen o 60% das preguntas. As persoas que superen o 60% das preguntas, recibirán un diploma de participación.

